



INFORME ÁS EMENDAS

Informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria

Asunto: Emendas presentadas ao Proxecto do Orzamento para o ano 2025

Expediente: 90/142, Orzamento xeral ano 2025

Comisión Informativa: Orzamentos e Facenda

Calendario:

- Aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión Extraordinaria urxente do 18/10/2024.
- Celebración da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na que se fixa o prazo de apertura de presentación de emendas: 23/10/2024.
- Prazo de presentación de emendas entre o 23/10/2024 até as 13 horas do 31/10/2024.
- Resolución de emendas: 04/11/2024.
- Ditame da Comisión informativa: 07/11/2024.

Emendas presentadas:

- Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, emenda á totalidade, rexistro nº 4695/1101.
- Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, emenda parcial rexistro nº 4694/1101.
- Grupo Municipal do Partido Socialista, emenda parcial, rexistro nº 4693/1101.

Remisión da documentación para informe dende: Secretaría Xeral do Pleno

- **Data da remisión:** 13,00 horas do 31/10/2024.
- **Remisión do Informe á:** Secretaría Xeral do Pleno, 04/11/2024.

I.- Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC- 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro.

Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 1 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021.

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo .

Bases de Execución do Orzamento.

II.- Informe

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de outubro de 2024, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 23/10/2024 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 18 de outubro de 2024. O prazo acceso ao expediente para o seu estudo comezou ás 14,19 horas do día 18/10/2024 (líña 169 do expediente), o prazo de inicio de presentación de emendas quedou fixado o comezou para o día 23/10/2024, e rematou as 13,00 horas do día 31/10/2024.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno, con data 18/10/2024, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais da documentación que conforma o expediente.

Segundo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 31/10/2024 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2025

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 2 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



As emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento dos equilibrios orzamentarios, vaise informar legal e tecnicamente sobre o contido das mesmas, e si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.

III.- Limitacións previstas no Regulamento Orgánico do Pleno en relación ás emendas que se presenten.

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

- As emendas de creación ou de incremento nos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración nos estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.
- Non se admitirán emendas que supoñan incrementos no estado de ingresos. As emendas aos estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.
- As emendas ao articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda nos estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado primeiro.
- Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado segundo.
- Incorporadas as emendas ao expediente, a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

IV.- Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, as emendas que se presenten deberán ter en conta os equilibrios orzamentarios que figuran no expediente.

O retorno a un contexto de disciplina fiscal tras catro anos de activación dá cláusula de escape, as emendas que se presenten teñen que manter o cumprimento das regras fiscais, informadas polo órgano fiscalizador con data 18/10/2024, ademais de garantir que a evolución do gasto non financeiro, cos axustes que figuran no informe da liña 71 do expediente, non evoluciona a unha taxa superior ao 2,7% sobre a liquidación prevista para o ano 2024.

As emendas non serán en ningún caso incrementalistas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 3 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



V.- Taxas de referencia de 2025 en relación co PIB:

As EE.LL sempre teñen que dar cumprimento ao equilibrio orzamentario que está vixente en aplicación do previsto no artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de tal forma que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, e ao principio de responsabilidade fiscal ao que se refire o artigo 8 da LOEOSF. O Orzamento ten que estar nivelado, non se pode aprobar desequilibrado, os recursos correntes (capítulos 1 a 5 de ingresos), deben dar cobertura ao gasto ordinario (capítulos 1 a 5 máis o 9 do estado de gastos).

En canto á evolución do gasto non financeiro axustado, o seu crecemento non debe superar o 2,7% en relación coa liquidación do ano 2024. A esta data non está liquidado o Orzamento do ano 2024, non obstante, si hai un avance da liquidación no informe que figura na liña 115 do expediente, sobre a mesma, avalíouse o cumprimento das regras fiscais tendo en conta a taxa de variación prevista, TRCPIB₂₀₂₅ do 2,7%.

VI.- As emendas, no contexto deste novo escenario, deberán respectar as seguintes limitacións:

- Os empregos deben de axustarse ao marco de competencias que regula o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa modificación incorporada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, (LARSAL).
- As emendas non deberán afectar ou incrementar o gasto corrente nin aplicarse a investimentos que consoliden no futuro incrementos de gasto recorrente (financeiramente sostibles).
- As emendas deberán garantir que os empregos propostos non poñen en perigo a sustentabilidade orzamentaria e financeiro de medio prazo.
- As emendas deben respectar o equilibrio orzamentario que regula o artigo 165.4 do TRLRFL, de modo que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberán aprobarse sen déficit inicial.
- As emendas deben garantir o cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto tendo en conta a TRCPIB₂₀₂₅ do 2,7% sobre a liquidación do ano 2024.
- Se a emenda ten un contido non técnico, que propón dentro dos marxes de discrecionalidade dos créditos unha aplicación alternativa dos recursos, de tal xeito que deba ser considerada de oportunidade política, o informe técnico non entrará na súa análise, e fará constar esta circunstancia na tipificación técnica da emenda, sendo a proposta que faga o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda á Comisión para ditame, o que se pronuncie sobre a súa aceptación ou rexeitamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 4 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



VII.- Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP

Aos efectos de emisión do informe técnico, a Secretaría do Pleno, incorporou o día 31/10/2024 ao expediente electrónico as emendas presentadas, sendo este o soporte documental sobre o que se emite o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

As emendas relacionan os programas e capítulos que son obxecto de minoración, aumento ou de nova creación. Aos efectos de non reproducir no informe a identificación da estrutura orzamentaria, non se reflicten, remítome para a súa identificación ao texto da emenda e ao programa orzamentario.

VIII.- Cuestións previas

1.- Relacionada co marco de competencias das Corporacións Locais que afecten as emendas, e que neste caso, terán un tratamento conxunto.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, introduciu unha modificación importante en varias normas, entre elas, á Lei 7/1985, a norma perseguía varios obxectivos: i), clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións de forma que se faga efectivo o principio «unha Administración unha competencia», ii), racionalizar a estrutura organizativa da Administración local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, iii), garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso e, iv), favorecer a iniciativa económica privada evitando intervencións administrativas desproporcionadas.

Respecto ao obxectivo de clarificar as competencias locais e avanzar no principio «unha Administración unha competencia», a norma quere evitar os problemas de solapamentos competenciales entre Administracións.

As competencias locais, de conformidade coa redacción dada ao artigo 7 da LRBRL, clasifícanse en dous grandes grupos: competencias propias e competencias atribuídas por delegación.

As competencias propias están determinadas por lei, exercéndose en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas.

Son competencias propias dos municipios, en todo caso, as que se exercen sobre as materias referidas no artigo 25.2 da LRBRL.

As competencias delegadas (artigo 7.3 da LRBRL), son aquelas que, con tal carácter, atribúen o Estado e ás Comunidades Autónomas ás Entidades Locais mediante unha disposición ou un acordo, exercéndose ditas competencias nos termos establecidos na mesma e con suxeición ás regras do artigo 27 da LRBRL, debendo prever técnicas de dirección, control de oportunidade e eficiencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 5 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

A priori, cabería dicir que se o Concello desexase desempeñar competencias en materias distintas das regulamentadas no artigo 25.2 da LRBRL, só podería facelo mediante delegación da competencia, ou unha vez tramitado o expediente previsto no artigo 7.4 da LRBRL (competencias impropias).

As Corporacións locais para poder acollerse a cláusula de capacitación xeral que reflicte o artigo 25.1 para exercer unha competencia distinta da propia, son necesarios os informes vinculantes da Administración competente por razón de materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades.

En relación coa actividade subvencionada, esta debe formar parte do ámbito competencial da entidade que subvenciona; así o sinalou a xurisprudencia constitucional e a propia Lei 5/2014, de 27 de maio, no seu artigo 3.2.

Por tanto, na tramitación do expediente de subvencións deberá xustificarse a actividade que se subvenciona e que esta forma parte do ámbito competencial das Entidades Locais en xeral, e en particular do Concello de Vigo.

De tal maneira que se se pretende subvencionar unha actividade que non forma parte do ámbito competencial propio, primeiro deberase expor o exercicio da competencia das que se denominan impropias, tal e como establece o artigo 7.4 da LRBRL, que esixe:

- Que o exercicio da nova competencia non pon en risco a sustentabilidade da Facenda municipal.
- Que non se realice a competencia pola Comunidade Autónoma.
- No expediente tense que acreditar:
 - Que no exercicio da competencia non se incorre en duplicidade con outra Administración Pública.
 - Que se cumpre coas regras de sustentabilidade financeira no exercicio das novas competencias.
 - Que se emitiron os informes preceptivos polas Consellerías da competencia e pola Consellería de Facenda.

Se as emendas incorresen na súa redacción no emprego de recursos públicos ao apoio de competencias non propias nin que estean delegadas, remitireime na a análise a este epígrafe.

2.- Relacionadas coa tramitación as emendas

Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe (art. 83.5 do ROP)

O debate na Comisión referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas (art. 84.1 do ROP).

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2025

6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 6 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado, no seu caso, ao Pleno (art.84.2 do ROP).

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 31/10/2024, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro D. José Miguel Martín Peña, Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo, presentou emenda a totalidade.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

En data 31/10/2024, o Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, presenta emenda (parcial) rexistrada na mesma data.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA

En data 31/10/2024, o Sr. Concelleiro do Partido Socialista, D. Carlos López Font, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Socialista no Concello de Vigo, presenta emenda (parcial) rexistrada na mesma data.

Sobre a cualificación das emendas

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021, no seu artigo 83.1 establece que as emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito asinado polo Voceiro do grupo municipal, poderán ser ó articulado das bases de execución, ós estados de gastos ou ós estados de ingresos ou á totalidade do proxecto solicitando, neste caso fundamentalmente, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local; das emendas presentadas darase copia aos Voceiros dos outros grupos municipais. O expediente so se devolve á Xunta de Goberno no caso de que a emenda totalidade sexa aprobada.

Avaliación das emendas

As emendas presentadas, dende unha perspectiva formal, axústanse ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, estando equilibradas formalmente, non alterando cuantitativamente as contías aprobadas, e establecendo a priori segundo o criterio do emendante, os recursos para o seu financiamento.

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2025

7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 7 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Ao marxe da súa tipificación como parciais ou a totalidade, as emendas presentadas teñen un mesmo obxectivo, a alteración da proposta do Goberno aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 18 de outubro, sendo esta substancial ou non substancial.

As emendas á totalidade, supoñen un rexeitamento da proposta con causa en criterios de: oportunidade, en principios, en razóns políticas ou no espírito na utilización dos recursos e empregos dos mesmos.

Ningunha das emendas entra a avaliar ou cuestionar a legalidade do expediente, nin o proceso de formación do mesmo ou o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón, que se está a emendar a aplicación dos recursos a empregos distintos.

A emenda presentada polo Portavoz do BNG no Concello de Vigo, proxecta diminucións en aplicacións que están suxeitas a contratos ou que se corresponden con financiamento de outros axentes públicos financiadores, polo que, en ningún caso poderían ser reducibles e polo tanto, non poderán ser avaliadas como recursos para o financiamento dos empregos que se propoñen.

A emenda presentada polo Voceiro do Partido Popular no Grupo Municipal do Concello de Vigo, é a totalidade, con fundamentación política, polo que require pronunciamento neste ámbito.

A emenda presentada polo Voceiro do Grupo Municipal no Partido Socialista do Concello de Vigo, é Parcial, non é substancial.

EMENDA Á TOTALIDADE PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

A emenda a totalidade a xustifica o Sr. Voceiro do grupo municipal en distintos eixes:

Xustificación da mesma.

1.- Considera que a comparativa entre orzamentos, hai que facela entre o proxecto inicial 2025 e o final 2024, obtendo unhas porcentaxes de variación segundo o seu criterio, distintas das formadas tecnicamente, ademais de aplicar unha metodoloxía de cálculo que non é correcta.

Análise da emenda

O criterio comparativo que se establece na emenda non se axusta ao rigor estatístico, estanse a comparar magnitudes e datos heteroxéneos, orzamento inicial do ano 2025 co vixente do ano 2024, no que están incluídas todas as modificacións orzamentarias tramitadas no transcurso do ano, polo tanto, ou se compara orzamento inicial ano $n-1$ con (n) ou orzamento final $n-1$ con (n) , nunca orzamento final con orzamento inicial, agás, que se queira comparar o mesmo orzamento entre o inicio e o remate do ano.

As variacións tanto de ingresos como gastos nos estados consolidados, son as que se achegan, como é unha mera cuestión matemática, non se vai a profundar na análise.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 8 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	83.251.407,76	85.731.286,61	2,98%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	158.891.437,55	164.885.664,78	3,77%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	44.464.687,87	48.136.640,02	8,26%
4	33.053.672,66	34.826.350,46	5,36%	124.062.442,57	123.855.970,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.809.000,00	5.809.000,00	0,00%
Operac. Corr. N.F	275.847.047,97	286.093.831,85	5,36%	302.669.702,97	312.803.017,76	10,78%
6	37.429.215,13	44.644.462,86	19,28%	,00	,00	0,00%
7	2.828.046,62	3.345.680,80	18,30%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
Operaci Cap. N.F	40.257.261,75	47.990.143,66	19,21%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	2.667.087,79	2.852.524,40	6,95%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

2.- En relación cos criterios tidos en conta sobre a posible revisión salarial contida no capítulo 1 do estado de gastos, a variación non é do 2%+2,5% como se fai constar, senón da base do ano 2024 máis outro 0,5% pendente de recoñecer cando se publique a variación IAPC entre 2022 e 2024, si este resulta superior ás alzas acumuladas salariais nese período, con efectos do 1 de xaneiro do ano 2024.

Así as cousas, as previsións que se fixeron, foi tomar as retribucións do ano 2024, actualizalas co 0,5%, e sobre esa base, aplicar o 2% para o ano 2025. Este foi o procedemento seguido, coido que desde a perspectiva técnica, non debe ter reproche algún.

En canto a súa aplicación no ano 2025, será a porcentaxe que establezan ás normas con rango de lei que se aproben e publiquen para a súa aplicación en relación coas retribucións dos empregados públicos.

3.- En canto ao custe da Seguridade Social e o su cálculo, resulta evidente que as bases de cotización están suxeitas a un tope, este control o fai o algoritmo de cálculo do sistema que conforma o aplicativo GIMPIX, non é un proceso manual, o que se indica na formación de custes de persoal, é que as bases de cotización, que non estean no límite, actualízanse co ese 2% que vai ser a base sobre a que se actualicen as retribucións.

Estes son criterios técnicos, cuxo sistema de cálculo está axustado ao previsto no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas de desenvolvemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 9 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



4.- En relación coa Base 34^a, non chegamos a interpretar ou que se quere dicir a que as encomendas de funcións ou asignación de tarefas distintas das do posto de traballo non se axustan á normativa aplicable.

Da lectura da precitada Base, se establece: *“a Alcaldía-Presidencia poderá acordar encomendas provisionais de funcións por necesidades operativas derivadas do servizo, con suxeición á normativa aplicable aos devanditos procedementos.*

As propostas de encomenda ou de acumulación, deberán ser obxecto de fiscalización con carácter previo ao acordo. A proposta debe xustificar que as funcións encomendadas son efectivamente necesarias, ademais sendo requisito necesario que se garanta o crédito orzamentario a partires da adopción do acordo”.

En relación coa redacción desta Base, hai que remitirse ao artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece: As Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás do posto de Traballo que desempeñe, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grado ou categoría, cando as necesidades o servizo o xustifiquen sen merma de retribucións.

Do contido na devandita Base, non hai redacción algunha que resulte contraria a Dereito de acordo ao previsto na normativa de aplicación.

5.- En canto á estabilidade do persoal e a súa precariedade contida na emenda, hai que informar que o Concello vai a rematar no ano 2024 o proceso regulamentado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicada no BOE nº 312, de data 29 de decembro de 2021, que estableceu un novo marco normativo para os procesos de estabilización de emprego temporal, co obxecto de reducir a taxa de temporalidade nas administracións públicas por debaixo do 8 por cento, proceso que rematará ao peche do ano 2024.

Coa execución desta medida, na que se ven traballando dende hai algúns anos, a situación de estabilidade do emprego e de regularización de prazas que cumpren cos requisitos previstos na DA 6º e 8ª da Lei 20/2021 e prazas que cumpren cos requisitos previstos no artigo 2 da Lei, queda resolta, polo que, o obxectivo previsto na norma, queda cumprido.

En consecuencia, este era un obxectivo buscado é unha tarefa xa executada.

6.- En canto á variación do capítulo 6 de investimentos, volver a recordar o xa contido na táboa de variacións dos distintos capítulos, os investimentos teñen un aumento do 19,28% en relación co Orzamento do ano 2024 non do -48,10% como fai constar o emendante.

En relación co estado comparativo de ingresos, o sistema de cálculo utilizado non é o correcto, estase a aplicar a seguinte fórmula:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 10 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

(ingreso 2025 – ingresos 2024)/ ingreso 2025, cando a técnica matemática é a seguinte: (ingreso 2025 – ingreso 2024)/ ingreso 2024, o que se trata de avaliar é a variación entre o ano (n-1) e o (n) , sendo sempre a base o ano (n), en consecuencia, as porcentaxes de variación son todas incorrectas.

7.- En canto á inclusión dos 15 novas propostas, soamente DÚAS están cuantificadas, 30 millóns de euros para incrementar o gasto social, e 300 mil euros para aumentar a partida de renovación da pista de atletismo.

Aos efectos de poder facer unha análise do contido destas propostas, sería necesario cuantificar e ver si os recursos do Concello serían suficientes para afrontar o solicitado, ademais de relacionar, que gastos ou investimentos se deixarían de dotar, sempre que fose posible ao teor das prestacións obrigatorias que regula o artigo 26 da Lei 7/1985, e do principio de recursos limitados.

Así mesmo, requiriría o estudo sobre os empregos que se propoñen, se os mesmos se corresponden co marco de competencias locais ou resultan inaplicables.

En todo caso, como é unha emenda a totalidade, non ten valor algún esa cuantificación, xa que a emenda, solicita a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local.

En calquera caso, ao obxecto de garantir o rigor na formación do Proxecto de Orzamento, este da cobertura ás obrigas que devenga a plantilla de persoal, os contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo. Os demais recursos, poden ter os empregos que o goberno considere oportunos, sempre dentro dos límites das súas competencias que regula a LRBRL, os que establece o TRLRFL e a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Danse por contestadas todas as cuestións plantexadas na emenda.

Conclusión sobre a emenda presentada polo voceiro do Grupo populares de Vigo

Sobre os orzamentos e o sistema de comparación, é evidente, que os orzamentos que se comparan, son os créditos iniciais, isto non é unha nova do Concello de Vigo, senón que este é o sistema técnico de comparación de todas as administracións pola aplicación de regras estadísticas, a homoxeneidade é determinante para comparar. En canto ao criterio matemático de aplicación para o cálculo, está errado.

En relación coas cuestións de revisión salarial, bases de cotización da seguridade social e asignación de tarefas e acumulacións, está todo xustifico e o contido no expediente está axustado a Dereito.

O Contido da emenda á totalidade presentada é inequivocamente político, unha aplicación alternativa dos recursos, aínda que non están cuantificados, en todo caso, a emenda non queda suxeita a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico, xa que a mesma non pon en cuestión o cumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha devolución do expediente que xustifica nos eixes alternativos de formación dun novo orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 11 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Se se acepta a emenda, devólvese o expediente á Xunta de Goberno Local, e se se rexeita ao non alterar o informado polo Sr. Interventor, non require someter a proposta a novo informe.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

A emenda presentada desagregase en 135 alteracións, que para a súa análise agrupáronse con criterios de aplicacións novas, aumentos, diminucións e anulacións.

Tipo emenda	Nº de aplicacións	Importe aumentos gastos, euros	Diminución en ingresos, euros
Creación novas aplicacións	75	13.885.000,00	
Aumento de aplicacións	65	8.043.000,00	
Diminución de aplicacións	7		7.695.000,00
Supresión de aplicacións	11		14.233.000,00
Total	158	21.928.000,00	21.928.000,00

Non se incorpora a este informe os programas e aplicacións afectadas, por estar reflectidos na emenda e por carecer de relevancia na análise que se está a facer da mesma.

Nun primeiro orde de competencias, a formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen ostenta a delegación da competencia.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas ou anulacións doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos en vigor e noutros, non son recursos propios, senón que pertencen a outras administracións, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou aprobar un modificado á baixa, así como deixar sen efecto os compromisos do convenio asinado co MITMA. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulamentado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos suficientes para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais, contratos formalizados, que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

Diminución de dotacións que se presentan nos que existe unha relación contractual ou que son recursos de outras administracións

A emenda reflicte a redución de determinadas aplicacións orzamentarias que non poden ser reducibles, por estar asociadas a unha relación contractual, que son as seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 12 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

Concepto	Importe diminución	Situación xurídica
Verquido lixo en Sogama	3.500.000,00	Contrato vixente
Instalación e mantemento alumendado Nadal	1.770.000,00	Contrato vixente
Programa decoración de Nadal	950.000,00	Contrato vixente
Programa educativo Aulas Internacionais	3.300.000,00	Contrato vixente
Anuncios, bados e campañas institucionais	1.125.000,00	Contrato vixente
Producción e seguimento de medios	88.000,00	Contrato vixente
1ª Anualidade Humanización Avd. De Madrid	9.100.000,00	Financiación MITMA/6,1 millóns
TOTAL	19.833.000,00	

A dotación para a Avd. De Madrid (en proceso de licitación), e un recurso afectado, suxeito a súa aplicación a finalidade prevista, dos que 6.100.000, corresponden á anualidade do MITMA, polo que, tampouco podería ser reducible.

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2025, polo que, a redución non é aconsellable. De non facer aplicación do fondo para modificacións orzamentarias imprevisibles, pasará a formar parte do superávit.

Os recursos que teñan orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos ou cun financiamento afectado por unha contía de 19.833.000,00 euros, a súa redución sería nula (compromisos de gastos sen crédito), non teñen a condición de dispoñibles, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de 21.928.000,00 euros, non dispoñen de recursos suficientes para o seu financiamento, polo tanto, a emenda estaría desequilibrada nunha contía de 19.833.000,00 euros, resultando a proposta feita contraria a Dereito por estar a xerar un déficit orzamentario, artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril e artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004.

Conclusión da emenda presentada polo Sr. Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo

A emenda presentada financia novos empregos ou aumento de outros, con recursos non suficientes, por estar os propostos asociados a contratos ou que se corresponden con recursos de outras administracións, de aí, que non poden ser aplicables a outra finalidade. En consecuencia co anterior, a emenda en termos reais e legais, non estaría equilibrada, incumpríndose o previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequilibrio orzamentario que non o permite os artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril (LOEOSF) e artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004 .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 13 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

A emenda debe ser rexeitada por: i) non axustarse a Dereito, xera desequilibrios e incumpre co artigo 83 do ROP, 3 e 11 da LOEOSF e 165.4 do TRLRFL , ii) tal decisión deixaría sen cobertura orzamentaria aos contratos vixentes, polo que, se estarían a xerar obrigas na execución do mesmo sen a preceptiva dotación orzamentaria suficiente, iii) estarase a incorrer no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, iv) estaría a utilizar recursos que non son propios da Entidade, sendo de outros axentes públicos e cunha finalidade específica.

Ao ter que rexeitar a emenda, non quedan afectados os equilibrios orzamentarios, a proposta non require informe da Intervención,

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA

A) De variación cualitativa

A emenda é parcial, supón a minoración dunha aplicación orzamentaria e o aumento de dúas por unha contía de 14.000 euros.

DIMINUCIÓN				INCREMENTO			
Aplicación	Previsto	Diminución	Definitivo	Aplicación	Previsto	Aumento	Definitivo
9204.2279901	423.191,07	14.000,00	408.191,07	3340.4800008	195.000,00	10.000,00	205.000,00
				9240.4890006	16.000,00	4.000,00	20.000,00
Total		14.000,00				14.000,00	

A aplicación que é obxecto de diminución, pode se obxecto de axuste á baixa, xa que o crédito estaba dotado en termos de licitación, sendo a diferenza entre a licitación e a adxudicación de 53.467,96 euros, polo que, a diminución da aplicación 9204.2279901, pola contía de 14.000 euros, é posible.

En canto aos incrementos, son subvencións nominativas, polo que hai que modificar o estado de relación de suxeitos e contías dos beneficiarios no devandito estado que forma parte do expediente.

A modificación non é substancial, supón un axuste de 14.000 euros.

B) de Corrección de erros.

Aplicación	Definición no Proxecto	Definición corrixida
3331.6230001	Climatización de salas da Casa das Artes	Climatización Salas da Casa Galega da Cultura
3410.4800016	Subv.Copa Europa Baloncesto cadeira de rodas	Axudas a desprazamentos actividades deportivas

En canto á corrección de erros, no representa alteración algunha, nun caso, o que está errado é o inmobile sobre o que se van a facer as instalacións de climatización, e noutro caso, e alterar o concepto dunha subvención, que pasa de ser nominativa a concorrencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 14 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

En conxunto, as subvencións nominativas incrementan en 14.000 euros pola emenda do apartado A) e diminúen en 20.000 euros pola corrección de erros do apartado B) da emenda.

Neste caso, ao afectar ao informado polo Interventor Xeral Municipal o 18/10/2024, é necesario someter a proposta de novo a informe.

Conclusión das emendas presentadas

A emenda presentada pola Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo é a totalidade, solicitando a devolución do Proxecto de Orzamento á Xunta de Goberno Local para unha nova formación do documento, cos criterios de oportunidade que reflicte a mesma.

Non son informados tecnicamente os proxectos e propostas a incluír, limitándose o informe a facer as aclaracións e precisións pertinentes que proceden por razóns técnicas e legais.

A emenda debe ser votada, de prosperar, o Proxecto de Orzamento sería devolto á Xunta de Goberno, de ser rexeitada, o proxecto Orzamentario continuará coa súa tramitación.

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG, é parcial, non está equilibrada, hai determinadas minoracións de aplicacións (relaciónanse) por unha contía de 19.833.000,00 euros que están asociadas a contratos en vigor ou que teñen financiamento alleo, os empregos propostos non terían financiamento suficiente, non axustándose a emenda a Dereito por estar desequilibrada (incumpríndose o previsto no artigo 83 do ROP, artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril (LOEOSF) e artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Legislativo 2/2004), non avaliando o informe sobre a viabilidade das 135 propostas nin da súa posibilidade no marco das competencias locais.

En todo caso, a emenda por resultar con maiores empregos que recursos por unha contía de 19.833.000,00 euros, a proposta debe propor o seu rexeitamento.

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Socialista, está equilibrada, a contía da mesma é de 14.000 euros, sendo os recursos diminuídos do capítulo 2 e incrementados no capítulo 4, diminución da aplicación 9204.2279901, sendo diminuíble o crédito non asociado ao contrato .

A súa vez, cambiase unha subvención nominativa a unha de concorrencia por unha contía de 20.000 euros. Ademais de facer a corrección na definición da aplicación 3331.6230001.

A emenda pode ser aceptada.

A emenda non altera cuantitativamente o Orzamento, tampouco hai unha alteración dos gastos correntes non financeiros, é dicir, tampouco cualitativa entre masas, supón unha diminución do 0,005% no capítulo 2 e un aumento pola mesma porcentaxe no capítulo 4 do estado de gastos.

Entendo, que a modificación que se incorpora non é substancial, é mais, resulta insignificante, polo que non se solicita novo informe en relación co informado polo Sr. Interventor o 18/10/2024.

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2025

15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 15 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
TESOURERÍA-DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 90/142
Proxecto Orzamento 2025

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas ao Proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Municipal e Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 08:13	Páxina 16 de 16
90-142	CSV: AEAH51-DFDBC7-C95DE6-MSU4TL-HM1MJS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		